




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



18.

O Real Decreto 1267/94 que modifica o Real Decreto 1497/87, publica no seu Anexo I os novos criterios do Consello de Universidades sobre as cualificacións que se deben reflectir nos expedientes dos alumnos.

Neste novo acordo establécese unha relación directa e unívoca entre as cualificacións cualitativas e cuantitativas, suprimíndose a escala de 0 a 10 e establecéndose outra dende o 0 ó 4.

Sen prexuízo da oportuna modificación do Acordo da Xunta de Goberno do 16 de xuño de 1993 que establece no seu apartado 7.1. as cualificacións que se debe avaliar ós alumnos,

ESTE RECTORADO RESOLVEU:

PRIMEIRO.- A avaliación dos alumnos será reflectida nas Actas mediante outorgamento dunha cualificación cualitativa mais outra cuantitativa segundo a seguinte escala:

- Suspense.- 0
- Aprobado.- 1
- Notable.- 2
- Sobresainte.- 3
- Matrícula de Honra.- 4

Ó ser unha relación directa entre cualificación cualitativa e cuantitativa, nas actas reflectirase soamente a cualificación cualitativa.

Nos expedientes dos alumnos e mais nas certificacións se reflectirá de forma automática a cualificación cuantitativa.

SEGUNDO.- As cualificacións ás que se refire a presente Resolución serán de aplicación dende a primeira convocatoria de exames ordinarios do presente curso académico, e mais a de exames extraordinarios para alumnos de planos non renovados.

TERCEIRO.- As cualificacións cualitativas diferentes ás que regula a presente Resolución, que se derivaran da avaliación de cursos anteriores ó presente, quedarán reflectidas nos expedientes dos alumnos, se ben calquera valoración dos expedientes farase consonte ás cualificacións da presente Resolución.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 1994.



O RECTOR

[Handwritten signature]
Darío Villanueva Prieto

Sr. Xefe do Servicio de Alumnado